

MEMORIA

2020



Responsabilidade social | **Ética** | **Transparencia**

Pluralidade | **Participación** | **Traballo en rede**

Utilidade | **Eficacia** | **Actualización** | **Horizontalidade**

ÍNDICE

Presentación	3
Estrutura do Ceesg	4
Estado da colexiación	6
Actividades	7
Liñas estratéxicas	7
Lei de Educación Social	7
Regulación da profesión	8
Emprego e empregabilidade	11
Outras accións	12
Grupos de traballo	21
aBeira [Intervención socioeducativa con familias]	21
Animación Sociocultural e Xestión Cultural	22
Diverdade [Diversidade funcional]	23
A Eira do Ceesg [Desenvolvemento comunitario e Educación ambiental]	24
Fiadeiras [Igualdade]	25
Geix [Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica]	26
Miolo [Saúde]	27
Participación no CGCEES	28
Outras cuestións	29

Presentación

O presente documento expón as accións levadas a cabo polo Ceesg no ano 2020, recollendo e resumindo as actividades e eventos máis relevantes.

Continuamos o traballo do colexio arredor das tres liñas estratéxicas iniciadas en anos anteriores: a regularización da Educación Social, a lei do dereito á Educación Social, e o emprego e empregabilidade.

A pandemia supuxo no Ceesg, como en tantas outras organizacións, un esforzo de adaptación e cambio. Tocounos reconducir a actividade a formatos en liña e telemáticos; reaccionar a situacións nas que a Educación Social se puxo en valor como profesión esencial; ofrecer información e servizos de utilidade para as e os profesionais en momentos de incerteza e amosar e compartir coas administracións públicas a misión, visión e achegas da profesión para mellorar a atención á cidadanía no medio dunha crise sanitaria e sociocomunitaria.

Concretamente, a situación de crise pandémica engadiu ao plan de traballo do Ceesg iniciativas como a creación dunha sección na web con formación en liña gratuíta, a adaptación da formación a formato telemático, a posta en marcha dunha bolsa de emprego de emerxencia durante o estado de alarma, iniciativas para levar a cabo durante o confinamento, formación gratuíta en autocoidado, ou a creación dun repositorio de documentación relacionada coas adaptacións e protocolos en diferentes ámbitos.

Como colectivo, temos que quedar cos aspectos positivos que poden extraerse desta situación: o aprender novos xeitos de relacionarnos e de formarnos, a posta valor da Educación Social neste escenario de crise, o decatarnos da importancia do autocoidado na nosa profesión... aprendizaxes que nos serven como profesionais, e tamén como sociedade, para afrontar os retos do futuro.

Estrutura do Ceesg

Xunta de Goberno 2018-2022



Laura Vilaboy Romero
Presidenta
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3873



Natalia Domínguez Galán
Vicepresidenta
Área de Desenvolvemento Profesional e Área de Acción Profesional
Colexiada nº 0398



Sonia González Rodríguez
Secretaria
Área de Acción Profesional
Colexiada nº 3402



Beatriz Caneda Zamar
Tesoureira
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3901



Selene Arias Sáez
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 5208



Antón Bouzas Álvarez
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiado nº 0968




Laura Casal Figueroa
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 0110



Rocío Núñez Rúa
Secretaria
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 3867



Belén Piñeiro Álvarez
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 3286



Pilar Ramallal Fernández
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiada nº 4801



Noelia Rodríguez Álvarez
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 3408



Paula Varela Costa
Vogal
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3680

Cambios na Xunta de Goberno:

- Nova Secretaria: Sonia González Rodríguez (anteriormente Vogal)
- Nova Vogal: Rocío Núñez Rúa (anteriormente Secretaria)

Organigrama

ASEMBLEA XERAL

Xunta de Goberno

Área de
Comunicación e
Participación Colexial

Área de Desenvolvemento
Profesional

Área de Acción
Profesional

PICs

Grupos de traballo

- Geix
- Fiadeiras
- aBeira
- A Eira do Ceesg
- Escravellando
- Ceesg en Diverdade
- Miolo
- Animación sociocultural e xest. cultural

Comisións
Ética

Persoal contratado

Secretaria Técnica | Educadora Social | Auxiliar administrativa (ata abril)


Estado da colexiación

A 31 de decembro de 2020 estaban colexiadas no Ceesg un total de 987 educadoras e educadores sociais. (840 mulleres e 147 homes)


Durante o ano tramitáronse 113 altas e 67 baixas colexiais.

Como amigas/os do Ceesg, no curso 2019/2020 houbo 21 estudantes, e no curso 2020/2021, a data 31 de decembro, 12.

Porcentaxe de colexiadas/os, por sexo.



Motivos das baixas colexiais.



- Motivos económicos
- Motivos persoais / Non especifica
- Falta de pagamento das cotas
- Non exerce a profesión
- Xubilación
- Traslado de comunidade autónoma
- Non usa os servizos
- Descontento
- Cambio de residencia ao estranxeiro

Actividades

Liñas estratéxicas 2020

LIÑA 1 **Lei de Educación Social**

- ⇒ Mantemento en redes sociais da Campaña 'Eu quero unha lei de Educación Social'.
- ⇒ Difusión da Campaña entre entidades coas que mantivemos colaboración.
- ⇒ Solicitude de apoio á Fegamp.
- ⇒ Coordinación co resto de Colexios profesionais a nivel estatal na consecución da Lei de Educación Social.



Regulación da profesión

⇒ Seguimento, revisión e presentación de alegacións ás convocatorias de prazas de Educación Social na Administración pública, na iniciativa privada e no terceiro sector:

- Recurso de reposición ás bases para a creación e funcionamento dunha bolsa de emprego de educador/a social do Concello de Monfero.
- Recurso de reposición á composición do tribunal do proceso selectivo dos postos de 'Educador/a' da Xunta de Galicia.



⇒ Accións para o recoñecemento de postos de educador/a social:

- Xuntanza Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Infancia e Dinamización Demográfica e Dirección Xeral de Inclusión.
- Xuntanza Concellería de Benestar Social do Concello de Pontevedra.
- Xuntanza Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo.
- Xuntanza coa FEGAMP.
- Xuntanza Deputación da Coruña, Delegación de Benestar Social e Educación e Delegación de Economía, Facenda, Contas, Persoal e Réxime Interior.
- Xuntanza co COTS para a incorporación de educadoras sociais e traballadoras sociais nos CIM.



⇒ Outras accións:

- Xuntanza Marea Galeguista.
- Xuntanza Grupo parlamentario Bloque Nacionalista Galego.
- Xuntanza Presidencia, en funcións, do Consello Galego de Relacións Laborais.




⇒ Campañas en redes sociais:

- A miña profesión ten nome. Publicación semanal reclamando unha OPE xusta para a Educación Social.
- Vístete co nome completo. Fotografías camisetas co lema 'A miña profesión ten nome: Educación Social'
- 12 fitos, 12 feitos. Fragmentos do documental 'Fitos e Feitos da Educación Social en Galicia'.
- EdusoPedimos. Difusión das achegas aos partidos políticos candidatos nas eleccións autonómicas.
- Difusión vídeos Xornadas Renda Básica organizada no ano 2019.



⇒ Relación cos medios:

- Canalización de diferentes temas de actualidade e vinculación cos distintos grupos de traballo do Ceesg a fin de favorecer a aparición e presenza da nosa profesión nos medios.
- Conmemoración Días Internacionais sobre temáticas relacionadas coa profesión: colaboración campañas promovidas do CGCEES e coordinación cos grupos de traballo para a emisión de comunicados.



⇒ Accións mediáticas:

- 8 comunicados.
- 12 notas de prensa.
- 13 aparicións en novas de prensa.
- 8 entrevistas ou declaracións aos medios.

⇒ Colaboración coa Revista Galega de Educación na sección *Educación Social e Escola*, de Nova Escola Galega.



Emprego e empregabilidade

- ⇒ Chamamento á comunidade profesional para o envío de ofertas de emprego.
- ⇒ Formación encamiñada a mellorar a empregabilidade das persoas colexiadas (ver detalle no apartado 'Actividades formativas')
- ⇒ Posta en marcha dunha Bolsa de emprego de emerxencia, para a contratación de profesionais da Educación Social durante o estado de alarma.
- ⇒ Difusión na web de lista/listaxe aberto de empresas de Educación Social.
- ⇒ Taboleiro de emprego coa publicación de 319 ofertas de traballo que suman máis de 362 empregos.



Outras accións

Defensa dos Dereitos da cidadanía.

- ⇒ Apertura de proceso participativo a colexiadas para o envío de achegas aos partidos políticos que se presentaron ás eleccións autonómicas.
- ⇒ Escritos á Presidencia da Xunta, Consellería de Sanidade e Consellería de Política Social, para trasladar proposta de medidas en relación á crise do coronavirus.
- ⇒ Escrito á Consellería de Política Social, con achegas de mellora no traballo con maiores en residencias (Geix).

Páxina web.



- ⇒ Nova web do Ceesg.
- ⇒ Traballos de transformación dixital do Ceesg.

Redes sociais.

- ⇒ Twitter: 1210 seguidoras totais, 775 tuits e 253 mencións.
- ⇒ Facebook: 6166 seguidoras e 6151 'gústame'.

Publicacións.

- ⇒ Revista Galeduso nº 13. Educación Social e Escola. Presentación na Asemblea xeral do Ceesg.



- ⇒ Libro 'Educación Social e adiccións. Experiencias socioeducativas en Galicia'. Grupo de traballo Miolo.
- ⇒ Libro 'Concurso TFG.eduso de traballos de fin de grao arredor da Educación Social. 4ª, 5ª e 6ª edición'.

Concurso TFG.eduso.

- ⇒ Acto de entrega premios da 5ª e 6ª edición, Asemblea xeral do Ceesg.
- ⇒ Convocatoria da 7ª edición do concurso.



Dinamización dos Puntos de Información Colexial (PIC)



- ⇒ No curso 19/20 mantívose o PIC da Coruña. A situación de pandemia impediú a organización de actividades.

Materiais promocionais e corporativos.

- ⇒ Nova edición 'Guía de servizos para colexiadas/os e amigas/os do Ceesg'.
- ⇒ Calendario 2021.

Día Internacional da Educación Social. 2 de outubro.

- ⇒ EdusoMes. Dedicouse o mes completo á divulgación da profesión, a través de vídeos de profesionais que colaboraron nesta iniciativa, xunto cos traballos de fin de



grao que foron premiados nas últimas edicións do Concurso TFG.eduso.


- ⇒ Elaboración vídeo para a APTSES (Asociação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educación Social).

Autocoidados en tempos de pandemia.

- ⇒ *Como vives o coronavirus?* Actividade de expresión artística para as educadoras/es sociais que continuaron a traballar durante o confinamento.
- ⇒ Consellos para un bo confinamento. Vídeos elaborados por emprendedoras da Educación Social, nos que compartían ideas sobre actividades: lúdicas, culturais, artísticas, ecolóxicas, coeducativas, autocoidado, relaxación, etc.
- ⇒ Pílulas formativas sobre o autocoidado. #EdusoCoidado.

Servizos útiles para profesionais.

- ⇒ Repositorio documentos técnicos sobre o estado de alarma e a COVID-19.
- ⇒ Posta en marcha dunha listaxe de educadoras/es sociais autónomas, a disposición de entidades ou particulares que poden procurar dos seus servizos.
- ⇒ Nova sección web: Actividades de formación en liña de balde.
- ⇒ Formación con desconto para persoas colexiadas ou amigas do Ceesg, ofrecidas por diversas entidades.
- ⇒ Nova convocatoria da Bolsa de proxectos de formación 2021.



ceesg		Consellos para un confinamento san - desde a Educación Social -	
Calendario			
27 abril	Pautas de regulación emocional.	Raquel de Atalañ Social	
29 abril	Relaxación a través do movemento.	Naiara González Fontenla	
1 maio	Recursos de Educación Social.	Lucía, de Creando Educación Social	
4 maio	Actividade creativa.	Susal Galicia	
6 maio	Xogo: sexo con-sentido.	Noelia, de Atalañ Social	
8 maio	Conto: A historia de Lambari.	Priscilla (autora e contactos)	



Formación.

⇒ Adiadadas:


- Deontoloxía profesional.
- Protección de Datos Personais no exercicio da Educación Social.
- Educación familiar: o educador/a social como terapeuta centrado en solución (Bolsa de formación 2020).
- A Educación Social nos centros de internamento no eido da xustiza xuvenil (Bolsa de formación 2020).
- Faladoiro: Coñecendo as túas condicións laborais nunha administración local (Grupo de Traballo Animación Sociocultural e Xestión Cultural).
- Intervención socioeducativa feminista: Penso, logo actúo (Grupo de traballo Fiadeiras).

⇒ Realizadas de forma presencial:


- O informe socioeducativo (ISE) (Grupo de Traballo aBeira)
- Xornada de Educación Social e Adiccións. Experiencias socioeducativas en Galicia. (Grupo de Traballo Miolo).

⇒ Teleformación:

- A Educación Social con persoas maiores en tempos de pandemia. Webinar (Grupo de Traballo Geix).
- Axudando ás familias a medrar ben. Mediación en familias con fillas/os adolescentes (UNAF).
- Familias reconstituídas: un novo mapa de funcionamento (UNAF).



- #EdusoCoidado. Pílulas formativas sobre o autocoidado para educadoras/es sociais.
- Retallos 'Son de Fiar'. Incorporando a perspectiva feminista na Educación Social dende o confinamento. 2 edicións (Grupo de Traballo Fiadeiras)
- Detección e intervención en casos de racismo e xenofobia (SOS Racismo Galicia)
- Charla-debate Renda Básica Universal. Colaboración cos Colectivos Cidadáns pola Renda Básica.



Congreso Estatal de Educación Social.

O Congreso tivo que adiarse ata setembro de 2021.

Fomentouse a participación no mesmo a través do sorteo de 4 inscricións (2 entre as persoas participantes na asemblea e 2 entre seguidoras/es en redes sociais), e facilitando a inscrición grupal, para un custe máis reducido.



Nomeamento de Colexiado de Honra.

- ⇒ Nomeamento de Alberto Fernández de Sanmamed Santos como Colexiado de Honra na Asemblea Xeral do Ceesg.

Apoio a campañas e iniciativas doutras entidades.

- ⇒ 8 de marzo. Día Internacional das Mulleres.
- ⇒ 25 de novembro. En negro contra as violencias.
- ⇒ Manifesto en defensa dos mercados de proximidade (A Eira do Ceesg).
- ⇒ Relegarnos dos coidados non é conciliar. Materfem.
- ⇒ Laborando 2. Feira de proxectos de vida feminista.
- ⇒ Manifesto Acción global polo clima. Movemento Galego polo Clima.
- ⇒ Comunicado sobre o xogo en liña. UNAD
- ⇒ Proxecto Esquíu. Educación afectivo sexual, conexión segura para a igualdade. ANPA Sarela, CEIP Raíña Fabiola.
- ⇒ Movemento estatal de apoio a persoas migrantes 'Regularización Ya'.
- ⇒ Manifesto ante a presenza militar en centros educativos. Nova Escola Galega.
- ⇒ Adhesión ao comunicado 'Respuestas frente al COVID-19 en el Trastorno por Uso de Sustancias'. Socidrogalcohol.
- ⇒ Apoio á Modificación do Regulamento Reach.
- ⇒ Comunicado ao Ministerio de Xustiza, rexeitando a figu-



ra de coordinador/a parental.

- ⇒ Comunicado conxunto coa Federación de Anpas Galegas sobre situación centros educativos na pandemia.

Eventos nos que participamos.

- ⇒ V Feira das profesións. ANPA do IES Rosalía de Castro.
- ⇒ Invernada de cine de Cabreiros. Asociación veciñal de Cabreiros.
- ⇒ Grupo de discusión: 'A Educación Social nos servizos sociais comunitarios en tempos de pandemia'. Grupo SEPA USC.
- ⇒ Seminarios sobre os dereitos das vítimas de delitos. Consensus. Proxecto Europeo Pro.Vi. Sinatura do memorandum, co compromiso de seguir colaborando para contribuír á mellor aplicación en Galicia deste proxecto.
- ⇒ Xornadas sobre alternativas de convivencia para as persoas maiores. Movemento polo Dereito á Vivenda.
- ⇒ Xuntanza organizada por HEGOA para a construción do V Congreso de Educación para la transformación social (Fiadeiras e A Eira do Ceesg)

Eventos ou formacións ás que asistimos.

- ⇒ Curso 'Kit pedagógico de emergencia'. CPESRM.
- ⇒ Presentación do Plan de Igualdade. CIFP Compostela.
- ⇒ Xornada Mulleres con discapacidade ante a violencia. Estamos protexidas? CERMI Galicia.



- ⇒ Presentación número especial da Revista Galega de Educación: COVID-19. Repensar a Educación. Nova Escola Galega.
- ⇒ Seminario sobre dixitalización empresarial. Cámara de Comercio de Compostela.
- ⇒ Foro virtual 'Claves para vivir con ilusión la nueva realidad'. Banco Sabadell.
- ⇒ Seminario online: Personas mayores y calidad de vida en tiempos de COVID. Sarea.
- ⇒ Participación VIII Andaina Camiño ao Respecto. Xunta de Galicia
- ⇒ Presentación Informe de resultados do noso Observatorio das violencias machistas que afectan as mulleres na maternidade e as súas crianzas. Materfem.

Representación e participación en órganos externos.

- ⇒ Consello Galego de Benestar Social. Xunta de Galicia.
- ⇒ Grupo de Traballo 3 "Abordaxe da Violencia de Xénero coa mocidade dende o ámbito educativo" e Subgrupo técnico 3. Xunta de Galicia.
- ⇒ Observatorio Galego de Violencia de Xénero. Xunta de Galicia.
- ⇒ Consello Local de Inclusión Social. Concello da Coruña.
- ⇒ Foro Galego de Inmigración.

Colaboración coas Universidades.

- ⇒ Universidade da Coruña.
 - Xornada de orientación profesional na Educación Social.
 - Co-organización da Xornada sobre Educación Social e Adiccións.
- ⇒ Universidade de Santiago de Compostela.
 - Colaboración na materia 'Contextos e ámbitos na Educación Social', ví-

deo-experiencias de educadoras sociais en diferentes ámbitos.

- Presentación do Ceesg na materia Formación e Profesionalización en Educación Social.
- Xornadas Virtuais de Experiencias Culturais.

Plan de continxencia contra o coronavirus e Plan de transición á nova normalidade.

- ⇒ Creación do Comité de seguimento para observar a evolución da situación e posibles consecuencias e coa finalidade de adoptar as medidas necesarias de prevención.
- ⇒ Instauración do teletraballo durante o estado de alarma, como medida de prevención e para facilitar a conciliación.
- ⇒ Establecemento de medidas preventivas (cita previa, disposición de máscaras e xel hidroalcolico, etc.)

Datos relativos a outros servizos.

- ⇒ Asesoramento xurídico: Atendéronse 109 consultas colexiadas.
- ⇒ Mantemento de 103 contas de correo ceesg.org
- ⇒ Biblioteca: realizáronse 2 préstamos e rexistráronse máis de 100 novos materiais.
- ⇒ Atención colexial e á cidadanía: Rexistráronse 74 consultas, a maioría realizadas por persoas colexiadas.
- ⇒ Seguro de Responsabilidade Civil Profesional: formalizáronse ao longo do ano 121 subscricións a este seguro.
- ⇒ Listas de Peritaxe: Enviamos aos xulgados e tribunais galegos as listaxes de educadoras/es sociais dispostas/os a realizar accións periciais.

Grupos de traballo

aBeira, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias.

Formación:

- Curso Informe socioeducativos no ámbito da intervención social. 28/02/2020.

Actividades:

- Actividade no Facebook do Grupo sobre temas de interese e compartir as publicacións que faga o CEESG sobre o noso ámbito ou temas transversais.
- Favorecemento da implantación e uso de modelo ISE.
- Elaboración de listaxe de Educadoras/es sociais en SEAF (Servizos de Educación e Apoio Familiar) e Xefaturas Territoriais para traballo en rede relacionado co ISE.
- Proposta ás Deputacións provinciais, para que na súa formación continua de traballadoras/es, tanto da Deputación como da administración local incorporen o modelo de ISE.



Xuntanzas mantidas: non houbo.

Integrantes:

- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Ana M^a. Domínguez Márquez.
- Mónica Fernández Gesteira.
- Sonia González Rodríguez.
- Estefanía Lema Moreira.
- Lucía Vázquez Vázquez.

Altas no 2020: Non houbo.

Baixas no 2020: Non houbo.

Animación Sociocultural e Xestión Cultural

Formación:

- Adiouso o Faladoiro “Coñecendo as túas condicións laborais nunha Administración Local”.

Actividades:

- Colaboración na edición da Revista da Educación Social, nº 31, Políticas culturais, animación sociocultural y gestión cultural. Miradas desde la Educación Social. Artigo: La cultura, su acción y su gestión desde la Educación Social.
- Colaboración coa investigación sobre a formación e profesionalización na acción cultural pública en Galicia.
- Experiencia de contacto coas facultades que imparten Educación Social para analizar a oferta formativa en Animación Sociocultural e Xestión Cultural.
- Xornadas Virtuais de experiencias culturais.
- Revisión periódica do Espazo CAM (Comparte, Asesora, Muda) sobre situacións laborais.

Xuntanzas mantidas: 1.

Integrantes:

- Iván García García (coordinador)
- Fernando Lavandeira Suárez.
- Natividad Lorenzo Campos.
- Lucía Mosquera Miramontes.
- Santiago Nieto Romarís.
- Vanessa Otero Dios.
- Javier Riádigos Couso.

Altas no 2020: Non houbo.

Baixas no 2020: Silvia Campos López.

Ceesg en Diversidade, grupo de traballo sobre Diversidade Funcional

Actividades:

- Parado o proxecto de colaboración con DISCAMINO.
- Parada a colaboración coa Asociación para a Formación e o Emprego das Persoas con Discapacidade AFEXDI.
- O mapa de dilemas éticos quedou pendente da reactivación da Comisión de ética, para a súa supervisión.
- Emisión de comunicado nas redes en conmemoración do Día da discapacidade.



Xuntanzas mantidas: 1.

Integrantes:

- Estefanía Estévez Cacheiro (coordinadora)
- Paula Varela Costa (coordinadora)
- Noelia Parente Vieites.

Altas no 2020: non houbo.

Baixas no 2020: non houbo.

A Eira do Ceesg, Grupo de traballo sobre Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental

Actividades:

- Xuntanza do Movemento galego polo clima (revisar 11/01) (A Eira do Ceesg)
- Participación no encontro “O enfoque ecosocial, os espazos rurais como territorios de vida” (Online), preparatorio para o V Congreso de Educación para a Transformación Social (EpTS) organizado por He-go.
- Busca e publicación de recursos socioeducativos.
- Potenciación momentos de lecer para fortalecer as relacións entre compoñentes do grupo.



Xuntanzas mantidas: 1.

Integrantes:

- Enma Alcaide Ucha.
- Kylyan Marc Bisquert i Pérez.
- M^a del Valle Marcos García-Conde.
- Nereida Rivero Cruz (coordinadora)

Altas no 2020: non houbo.

Baixas no 2020: non houbo.

Fiadeiras, Grupo de traballo de Igualdade

Formación:

- Curso de Formación en liña Son de Fiar. 2 edicións.

Actividades:

- Difusión e convocatoria da Manifestación unitaria nas redes polo 8 de marzo.
- Representación do Ceessg no grupo de Traballo 3 "Abordaxe da Violencia de Xénero coa mocidade dende o ámbito educativo" e Subgrupo técnico 3.
- Representación Ceessg no Observatorio Galego de Violencia de Xénero como Vogal.
- Referentes na "Comisión Género y Diversidad. CGCEES"
- Comunicado Día Internacional das mulleres. 8 de marzo.
- Comunicado ante os suicidios de adolescentes en Galicia. 14 de outubro.
- Entrevista no programa A Tarde da Radio Galega, en relación ao comunicado sobre o suicidio de dúas persoas adolescentes, o 16/10/2020



Xuntanzas mantidas: 7.

Integrantes:

- Eva Bastón Martínez.
- Noelia Darriba García.
- Natalia Domínguez Galán.
- Raquel López Fernández (coord.)
- Tania Merelas Iglesias.

Altas no 2020: non houbo.

Baixas no 2020: Isabel Taboada Mougán.

Geix, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica

Formación:

- Webinar: A educación social coas persoas maiores en tempos de pandemia.

Actividades:

- Reivindicación da creación da categoría de educador/a social no “IV Convenio colectivo de Residencias Privadas da Terceira Idade” a nivel autonómico.
- Representación na Comisión de Envellecemento Activo do CGCEES.
- Apoio accións levadas a cabo en relación á Lei Galega de Educación Social.
- Artigos e comunicados:
 - Covid19 e Persoas maiores.
 - Modelo de ACP, Atención Centrada na Persoa.
 - Humanización vs. Globalidade vs. Persoas maiores.
 - Actual modelo de atención ás persoas maiores no contexto dunha pandemia mundial.
- Vídeo divulgativo sobre que podemos facer as educadoras sociais no ámbito das persoas maiores. Canal youtube Ceesg.



Xuntanzas mantidas: 1.

Integrantes:

- Selene Arias Sáez
- Mercedes González Pazos
- M^a Esther Pérez Enríquez
- Mónica Serrano Soto
- Laura Vilaboy Romero (coordinadora)
- Vanessa Villar Armada

Altas no 2020: Non houbo.

Baixas no 2020:

- Aurelio Prado Rodríguez
- Laura Rodríguez Bouza
- Montserrat García López

Miolo, Grupo de Saúde

Formación:

- Xornada Educación Social e Adiccións coa colaboración da Facultade de Educación da Universidade da Coruña.

Actividades:

- Apoio accións levadas a cabo en relación á Lei Galega de Educación Social.
- Publicación Experiencias socioeducativas no eido das adiccións.
- Participación en xornadas da temática da saúde mental ou adiccións.
- Continuidade coa petición á Consellería de Sanidade para o recoñecemento da Educación Social no eido sanitario.
- Comunicado tras a publicación do Plan de Saúde Mental de Galicia e polo Día Mundial da Saúde Mental.



Xuntanzas mantidas: 3.

Integrantes:

- Sara Alba Gómez.
- Laura Casal Figueroa.
- Rocío Núñez Rúa.
- Manuel Rodríguez Iglesias.
- Alfonso Tembrás López.

Altas no 2020: Non houbo.

Baixas no 2020: Non houbo.

Participación no CGCEES

- ⇒ Coordinación da área de Comunicación.
- ⇒ Coordinación da Rede de Apoio en época de Coronavirus.
- ⇒ Participación nas Asembleas ordinaria e extraordinaria e Xuntas de Goberno.
- ⇒ Participación nas sesións formativas sobre estratexia xurídica.
- ⇒ Participación nas campañas promovidas en relación á crise do coronavirus:
 - ⇒ La Educación Social es NECESARIA
 - ⇒ La Educación Social CONTIGO, ideas para mellorar o tempo na casa.
- ⇒ Difusión doutras accións de promoción da profesión.
- ⇒ Achegas para a intervención da presidenta no III Simposio Iberoamericano de Educación Social.
- ⇒ Participación na comisión de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad.
- ⇒ Participación na Vocalía de Sociolaboral.
- ⇒ Participación nos encontros de Presidencias.
- ⇒ Participación na Comisión de Institucións Penitenciarias.



Outras cuestións

Retribucións dos membros da Xunta de Goberno

Ningún dos cargos da Xunta de Goberno é remunerado.

Importe cotas colexiais 2020:

Cota de alta:

- No 1º ano dende a obtención do grao: 15€
- No 2º ano dende a obtención do grao: 35€
- A partir do 2º ano dende a obtención do grao: 65€

Cotas de mantemento colexial (semestral):

- Cota xeral: 73,34€
- Bonificada por desemprego: 36,67€
- Bonificada por salario inferior ao SMI: 55€

Importe das cotas aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2007.

Actualización automática das cotas de mantemento colexial anualmente segundo o IPC aprobada en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2017.

Cotas de amigas/os do Ceessg: 20€ por curso académico, segundo o aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2012.

Cota do seguro de responsabilidade civil (non obrigatorio): 4,50€

Procedementos informativos e sancionadores

Non houbo.

Queixas e reclamacións presentadas por persoas usuarias e consumidoras:

Non houbo.

Cambios no contido do código deontolóxico

Non houbo.



Xoel. 8 anos.



Sabela. As Pontes.



Alba. 4 anos. Santiago de Compostela



Bregán. 12 anos. Lalín.




Zeltia. 11 anos. Barcelona.



Irene. Educadora Social.



Andrea. 7 anos. Cuntis.



Manuel. Oleiros.



ceesg.gal